



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016 LICENCIADO/A SANITARIO

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folha autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinale o plural INCORRECTO na lingua galega:

- A) O plural de papel é papeis.
- B) O plural de farol é farois.
- C) O plural de túnel é tuneis.
- D) O plural de coche é coches.

2. No idioma galego cal das seguintes palabras é CORRECTA:

- A) Enfirmidade.
- B) Enfirmedade.
- C) Enfermedade.
- D) Enfermidade.

3. Indica a concordancia de xénero INCORRECTA en lingua galega:

- A) O color.
- B) A orde.
- C) A orixe.
- D) O sinal.

4. Das seguintes frases, indique cal é a INCORRECTA na lingua galega:

- A) Mira esas flores.
- B) Mira aqueles libros.
- C) Mira esos bolígrafos.
- D) Mira esta botella.

5. Sinale a opción CORRECTA en lingua galega, para referirse a un dos meses do ano:

- A) Febreiro.
- B) Febereiro.
- C) Fevreiro.
- D) Fevereiro.

6. As seguintes palabras son de xénero masculino en lingua galega agás:

- A) Chocolate.
- B) Epiglote.
- C) Barrote.
- D) Bigote.

7. Indique a forma CORRECTA en lingua galega para o número cardinal 400:

- A) Catrocentos.
- B) Cuatrocentos.
- C) Catro centos.
- D) Cuatro centos.

8. Sinale a opción CORRECTA en lingua galega, para referirse ao leito portátil para o traslado de enfermos ou feridos, que pode levarse á man ou sobre rodas:

- A) Andas.
- B) Angarellas.
- C) Padiola.
- D) Todas as respostas son correctas.

9. Dos seguintes verbos, indique cal é o participio INCORRECTO en lingua galega:

- A) Fartar/Farto.
- B) Morer/Morto.
- C) Quentar/Quente.
- D) Raspar/Raspo.

10. Indique cal seguintes palabras é sinónima de torcer na lingua galega:

- A) Escordar.
- B) Entortar.
- C) Trochar.
- D) Todas as respostas son sinónimas de torcer.

Preguntas de reserva

1. Palabra galega que significa parte saínte dos ósos que forman a articulación da perna co pé:

- A) Nocello.
- B) Artello.
- C) Tornecelo.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. As seguintes palabras son de xénero feminino en lingua galega, agás:

- A) Análise.
- B) Apendicite.
- C) Bronquite.
- D) Fel.